

# Informe técnico do Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia 2015



**XUNTA DE GALICIA**

Imaxe de portada: Praia A Lanzada (O Grove)

**Responsables da publicación**

Ángel Gómez Amorín

Manuel Álvarez Cortiñas

Silvia Suárez Luque

Servizo de Sanidade Ambiental

Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde

Dirección Xeral de Saúde Pública

Consellería de Sanidade

San Lázaro S/N - 15712 - Santiago de Compostela

TLF: 881 542 955 – 881 542 953 Fax: 881 542 970

A auga é un recurso natural escaso polo que debemos protexer a súa calidade, especialmente no caso das augas superficiais, xa que son recursos renovables cunha capacidade limitada de recuperación ante os impactos negativos da actividade humana.

O uso recreativo das augas de baño non está exento de perigos e riscos para a saúde dos usuarios. A contaminación bacteriana destas pode provocar gastroenterite ou enfermidades respiratorias nas persoas que se bañen en augas contaminadas. Aínda que estas enfermidades raramente son graves, o número de persoas expostas é enorme debido á importante tradición que existe en Galicia no uso das augas de baño no período estival, xa sexan marítimas ou continentais.

Por este motivo, a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, executa o Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño que, con carácter autonómico, vén funcionando na nosa comunidade dende mediados da década dos oitenta.

Neste sentido considérase prioritaria a difusión de información suficiente e oportuna sobre a calidade das zonas de baño. Entre as actividades de difusión elabórase esta publicación como resultado do desenvolvemento do Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia no ano 2015.

Finalmente, quero expresarlles o meu agradecemento aos farmacéuticos e farmacéuticas inspectoras de saúde pública e aos profesionais das seccións de Sanidade Ambiental das xefaturas territoriais de Sanidade, así como a todos aqueles profesionais que interviñeron no desenvolvemento do programa. Sen a súa colaboración e disposición non se faría posible a publicación deste informe.

Jesús Vázquez Almuiña  
Conselleiro de Sanidade

## Resumo

A Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, executa o Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño que, con carácter autonómico, funciona en Galicia desde mediados da década dos oitenta. Neste programa elabórase un censo oficial de zonas de baño para cada tempada. No censo oficial da tempada 2015, figuran un total de 497 zonas de baño, con 517 puntos de mostraxe que se atopan en 115 concellos da Comunidade Autónoma galega.

A vixilancia sanitaria das zonas de baño establécese mediante a mostraxe periódica da auga das zonas de baño incluídas no censo. Recóllense en total 10 mostras de cada zona de baño, unha antes do inicio da tempada e as nove restantes ao longo desta, cunha periodicidade aproximadamente quincenal. A tempada de baño establécese desde o 1 de xuño ata o 30 de setembro. Nas mostras de auga analízanse os parámetros microbiolóxicos enterococos intestinais e *Escherichia coli*.

A vixilancia e o control sanitario tivo lugar no 100% das zonas de baño censadas. O programa cumpriuse satisfactoriamente e obtívose un índice de produción de mostraxes case do 100% (99,8%).

Dos 517 puntos de mostraxe das zonas de baño incluídas no censo oficial, o 72,3% obtivo unha clasificación sanitaria excelente, o 16,0% destes obtiveron unha clasificación boa, o 5,6% unha clasificación suficiente e o 5,6% unha clasificación insuficiente.

Nos últimos anos, nove zonas de baño (4 no ano 2015) fixeron obras e outras actuacións que implicaron unha mellora na calidade sanitaria da auga de baño. Por este motivo, puideron acollerse ao artigo 4.4.b da Directiva 2006/7/CE e a súa clasificación sanitaria mellorou notablemente. Concretamente cinco praias pasan a ter calidade excelente, tres calidade boa e outra suficiente.

Desde o inicio da tempada, informouse da clasificación sanitaria das augas de baño e dos resultados microbiolóxicos obtidos nas mostraxes na nosa páxina web. Ao final da tempada, os valores microbiolóxicos foron introducidos no sistema de información nacional de augas de baño (Náyade), que pode consultar toda a poboación a través do acceso ao cidadán. A clasificación sanitaria final de cada zona de baño, publícase tamén na páxina web da Dirección Xeral de Saúde Pública. Deste xeito, facilítase que todos os usuarios e usuarias das zonas de baño teñan información suficiente e facilmente dispoñible sobre a calidade das augas de baño.

Ao comparar os resultados desta tempada cos obtidos nas tempadas 2012, 2013 e 2014 obsérvase unha mellora na calidade sanitaria das augas de baño porque continúan a diminuír as zonas de baño con clasificación sanitaria suficiente e insuficiente. Asemade, pódese apreciar un incremento significativo na porcentaxe de zonas de baño con clasificación sanitaria excelente.

A lexislación nesta materia esixe que a finais do ano 2015, todas as augas de baño sexan de calidade polo menos suficiente. Por parte das Administracións competentes deber ser adoptadas as medidas necesarias para que mellore a calidade sanitaria das augas de baño con clasificación insuficiente para conseguir este obxectivo na tempada do ano 2016. En caso contrario, deberían deixar de ter a consideración de zona de baño e existir unha prohibición permanente do baño nelas.

## Índice

1. Introducción.....	6
2. Obxectivos.....	6
3. Marco legislativo.....	7
4. Material e métodos.....	7
4.1. Elaboración do censo oficial de zonas de baño.....	7
4.2. Mostraxe.....	7
4.3. Análise das mostras.....	8
4.4. Xestión e difusión dos resultados obtidos.....	8
4.5. Cálculo da clasificación sanitaria final das augas de baño.....	9
5. Resultados.....	10
5.1. Censo oficial das zonas de baño.....	10
5.2. Avaliación do cumprimento do programa.....	10
5.3. Clasificación sanitaria final das zonas de baño.....	11
5.4. Zonas de baño nas que se fixeron obras de mellora.....	13
5.5. Zonas de baño con clasificación sanitaria insuficiente.....	13
5.6. Afloramento de cianobacterias.....	14
5.7. Comparación cos resultados obtidos nas tempadas anteriores.....	15
5.8. Zonas de baño controladas que non figuran no censo oficial de zonas de baño...	15
6. Discusión e conclusións.....	16

## Anexos

- Anexo I. Altas no censo oficial de zonas de baño
- Anexo II. Clasificación sanitaria anual das zonas de baño
- Anexo III. Zonas de baño que fixeron obras de mellora
- Anexo IV. Zonas de baño con clasificación sanitaria insuficiente
- Anexo V. Seguimento dos encoros con cianobacterias
- Anexo VI. Zonas de baño controladas que non figuran no censo oficial

## 1. Introducción

As augas de baño defínense como calquera elemento de augas superficiais onde se prevexa que poida bañarse un número importante de persoas, onde exista unha actividade próxima relacionada directamente co baño, no que non haxa unha prohibición permanente de baño nin se formulase unha recomendación permanente de absterse deste e onde non haxa perigo obxectivo para o público.

A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, establece a obriga das administracións públicas sanitarias de orientaren as súas actuacións prioritariamente á promoción da saúde e á prevención das enfermidades. A citada lei indica que as actividades e produtos que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias negativas para a saúde serán sometidos a control por parte das administracións públicas. Unha destas actividades é o uso recreativo da auga, en concreto das zonas de augas de baño naturais. Coa aprobación da Directiva 2006/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de febreiro de 2006, relativa á xestión da calidade das augas de baño e da normativa estatal que a desenvolve, o Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño, actualízase o marco regulamentario nesta materia, que inclúe novidades de carácter científico e técnico entre as que cómpre salientar un novo sistema de cálculo da clasificación sanitaria das augas de baño.

Por estes motivos, a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, executa o Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño que, con carácter autonómico, funciona na nosa comunidade desde mediados da década dos oitenta. Neste programa considérase prioritaria a difusión, a todas as partes interesadas, de información suficiente e oportuna sobre a calidade das zonas de baño.

## 2. Obxectivos

### 2.1. Xeral

Minimizar os riscos de contraer enfermidades ao bañarse nas augas marítimas ou continentais.

### 2.2. Específicos

- Vixiar e clasificar as augas das zonas de baño censadas.

- Identificar as verteduras que poidan supoñer unha deterioración da salubridade das zonas de baño.
- Facilitar que todos os usuarios das zonas de baño dispoñan de información sobre a calidade microbiolóxica das augas durante a tempada de baño.
- Informar as entidades con responsabilidade na súa xestión sobre as condicións das augas de baño.

### 3. Marco lexislativo

- Directiva 2006/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de febreiro de 2006, relativa á xestión da calidade das augas de baño e pola que se derroga a Directiva 76/160/CEE.
- Decisión de execución da Comisión do 27 de maio de 2011 que establece, en virtude da Directiva 2006/7/CE do Parlamento Europeo e do Consello, un símbolo para informar o público da clasificación das augas de baño e de calquera prohibición ou recomendación que lle afecte a este.
- Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño.

### 4. Material e métodos

#### 4.1. Elaboración do censo oficial de zonas de baño

No mes de marzo do 2015, incorporouse ao Náyade o censo de praias e o calendario de control destas para que o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade llo notificase á Comisión Europea. Deste xeito, estableceuse o censo oficial de zonas de baño para a tempada 2015.

#### 4.2. Mostraxe

A vixilancia sanitaria das zonas de baño levouse a cabo mediante a mostraxe periódica da auga das zonas de baño realizada polo persoal da clase de farmacéuticos inspectores de saúde pública (FISP) de cada xefatura territorial de sanidade (XTS) nun calendario preestablecido.

Recolléronse, con carácter xeral, un total de 10 mostras de cada zona de baño, unha realizada antes do inicio da tempada e as nove restantes recollidas ao longo desta, cunha

periodicidade aproximadamente quincenal, agás nas zonas de baño sitas nas Illas Cíes e Ons, nas que, como son consideradas zonas con limitación xeográfica especial, se recolleron cinco mostras (catro na tempada e unha anterior) e nas zonas de baño de Ourense Área Recreativa Rabal do concello de Chandrexa de Queixa e na zona O Caneiro do concello de Baltar, onde se recolleron seis mostras.

A tempada de baño establécese desde o 1 de xuño ata o 30 de setembro, agás nas zonas de baño que se atopan nas Illas Cíes e Ons, nas que a tempada de baño se establece desde o 1 de xullo ata o 30 de setembro; na zona de baño de Ourense Río Rabal que é desde o 1 de xuño ata o 25 de xullo e na do Río Arzoá que é desde o 1 de xuño ata o 31 de agosto.

O transporte das mostras ata o laboratorio levouse a cabo en neveiras refrixeradas.

#### 4.3. Análise das mostras

No Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, determináronse os parámetros microbiolóxicos enterococos intestinais e *Escherichia coli* de forma rutineira (parámetros que deben ser controlados analiticamente segundo a lexislación vixente). Ademais, determinouse o pH no laboratorio e o resto dos parámetros controláronse de xeito visual no momento da mostraxe. Na táboa 1 figuran as técnicas empregadas para os parámetros microbiolóxicos.

**Táboa 1.** Técnicas empregadas polo Laboratorio de Saúde Pública de Galicia para a determinación dos parámetros microbiolóxicos analizados

Parámetro	Método análise	Unidades	Acreditado	Validado
Enterococo intestinal	Número máis probable, baseado na tecnoloxía DST	NMP/100 mL	Non	Si
<i>Escherichia coli</i>	UNE EN ISO 9308-2	NMP/100 mL	Si	Si

#### 4.4. Xestión e difusión dos resultados obtidos

Logo de obter os resultados analíticos das mostras recollidas, o Laboratorio de Saúde Pública de Galicia, introdúcenos na súa aplicación informática e o persoal da Sección de Sanidade Ambiental das XTS validan os resultados na aplicación informática Herme.

Os datos de cada mostraxe foron publicados periodicamente na páxina web da Dirección Xeral de Saúde Pública ([www.sergas.es/dxsp](http://www.sergas.es/dxsp)). Ao final da tempada, os resultados microbiolóxicos das mostras analizadas foron introducidos no Sistema de información nacional de augas de baño (Náyade). Estes resultados poden consultarse na páxina web do Náyade a través do acceso ao cidadán (<http://nayade.msc.es/Splayas/home.html>) e na páxina web da dirección xeral.

#### 4.5. Cálculo da clasificación sanitaria final das augas de baño

A Directiva 2006/7/CE establece un novo sistema de cálculo que ten en conta os datos dos controis das catro últimas tempadas. O sistema de cálculo consiste na avaliación do percentil da función normal de densidade de probabilidade ( $\log_{10}$ ) dos datos microbiolóxicos obtidos nunhas augas de baño determinadas. Dedúcese o valor do percentil da seguinte maneira:

- i) Tómase o valor  $\log_{10}$  de todas as enumeracións bacterianas da secuencia de datos avaliada.
- ii) Calcúlase a media aritmética dos valores  $\log_{10}$  ( $\mu$ ).
- iii) Calcúlase a desviación típica dos valores  $\log_{10}$  ( $\sigma$ ).

O punto superior do percentil 90 da función de densidade de probabilidade dos datos dedúcese da seguinte ecuación: punto superior do percentil 90 = antilog ( $\mu + 1,282 \sigma$ ).

O punto superior do percentil 95 da función de densidade de probabilidade dos datos dedúcese da seguinte ecuación: punto superior do percentil 95 = antilog ( $\mu + 1,65 \sigma$ ).

A cualificación establécese segundo os valores que se indican na táboa 2.

**Táboa 2.** Criterios para o cálculo da clasificación das zonas de baño segundo a Directiva 2006/7/CE

Parámetro	Clasificación, augas marítimas			Clasificación, augas continentais		
	Excelente	Boa	Suficiente	Excelente	Boa	Suficiente
Enterococos intestinais	100 <sup>(*)</sup>	200 <sup>(*)</sup>	185 <sup>(**)</sup>	200 <sup>(*)</sup>	400 <sup>(*)</sup>	330 <sup>(**)</sup>
<i>Escherichia coli</i>	250 <sup>(*)</sup>	500 <sup>(*)</sup>	500 <sup>(**)</sup>	500 <sup>(*)</sup>	1000 <sup>(*)</sup>	900 <sup>(**)</sup>

<sup>(\*)</sup>De acordo coa avaliación do percentil 95


<sup>(\*\*)</sup>De acordo coa avaliación do percentil 90

## 5. Resultados

### 5.1. Censo oficial das zonas de baño

No censo oficial da tempada 2015, figuran un total de **497 zonas de baño**, con **517 puntos de mostraxe** que se atopan en 115 concellos da Comunidade Autónoma galega. Dos 517 puntos de mostraxe, 447 pertencen a zonas de baño marítimas (86,5%) e 70 a zonas de baño continentais (13,5%). Existen catro zonas de baño máis no censo oficial que na tempada 2014 (dúas marítimas e dúas continentais) (Anexo I). Na figura 1, obsérvanse as distribucións das zonas de baño marítimas e continentais en relación co número de concellos, zonas de baño e puntos de mostraxe nas diferentes provincias.

**Figura 1.** Distribución dos puntos de mostraxe marítimos e continentais por provincias



### 5.2. Avaliación do cumprimento do programa

Para medir o grao de cumprimento do programa, calcúlanse os seguintes indicadores:

Grao de produción de mostraxes (GPM)

$$\text{GPM} = \frac{\text{N.º mostraxes realizadas (das planificadas)}}{\text{N.º mostraxes planificadas}} \times 100$$

Grao de produción de análises (IPA)

$$\text{IPA} = \frac{\text{N.º análises realizadas (das planificadas)}}{\text{N.º mostraxes planificadas}} \times 100$$

Grao de comunicacións de episodios de contaminación aos concellos (GCC)

$$\text{GCC} = \frac{\text{N.º comunicacións aos concellos por episodios de contaminación}}{\text{N.º episodios de contaminación}} \times 100$$

A vixilancia e o control sanitario tivo lugar no 100% das zonas de baño censadas. Como se pode apreciar na seguinte táboa, o programa cumpriuse satisfactoriamente e obtívose un índice de produción de mostraxes case do 100% (99,8%) :

Índice	Provincia				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
GPM	99,5	100	100	100	99,8
IPA	99,5	100	100	100	99,8
GCC	100	100	100	100	100

Os datos necesarios para o cálculo dos indicadores de xestión das incidencias cos concellos implicados móstranse na seguinte táboa:

	Provincia				Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
N.º comunicacións aos concellos por episodios de contaminación	136	7	14	43	200
N.º episodios de contaminación	136	7	14	43	200



### 5.3. Clasificación sanitaria final das zonas de baño

A cualificación sanitaria das augas de todos os puntos de mostraxe pode consultarse no anexo II. Os resultados microbiolóxicos de cada zona de baño utilizados para o cálculo desta clasificación publicaranse na páxina web da dirección xeral xunto con este informe. Dos 517 puntos de mostraxe das zonas de baño incluídas no censo oficial, o 72,73% obtivo unha clasificación sanitaria excelente, o 16,05% destes obtiveron unha clasificación boa, o 5,61% unha clasificación suficiente e o 5,61% unha clasificación insuficiente. Estes resultados resúmense na táboa 3 e nas figuras 2, 3 e 4.

**Táboa 3.** Clasificación sanitaria das zonas de baño agrupadas por provincias e tipo de auga

Clasificación sanitaria	Tipo de auga	Núm. puntos de mostraxe				Total	%
		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		
Excelente	Marítima	161	39		144	344	376 72,73%
	Continental	4	8	11	9	32	
Boa	Marítima	35	3		21	59	83 16,05%
	Continental	5	6	5	8	24	
Suficiente	Marítima	11	3		8	22	29 5,61%
	Continental	3	1	3		7	
Insuficiente	Marítima	19	1		2	22	29 5,61%
	Continental	1	4	2		7	

**Figura 2.** Clasificación sanitaria das zonas de baño e tamén agrupadas por tipo de auga



**Figura 3.** Clasificación sanitaria das zonas de baño marítimas por provincias





Figura 4. Clasificación sanitaria das zonas de baño continentais por provincias



#### 5.4. Zonas de baño nas que se fixeron obras de mellora

O artigo 4.4.b da Directiva 2006/7/CE indica que a avaliación da calidade das augas de baño podería efectuarse sobre a base dunha serie de datos relativos a menos de catro tempadas, se se produciron cambios que poidan afectarlle á clasificación sanitaria das augas de baño. Neste caso, a avaliación farase sobre a base dunha serie de datos que consistirá unicamente nos resultados correspondentes ás mostras recollidas desde que se produciron os citados cambios.

Nesta tempada notificóuselle ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade que as zonas de baño “A Caosa” e “Cubelas” de Cervo, “San Roque – Os Remedios” de Pontearreas e “Penedo” de Tui se acolleran a este artigo porque fixeron obras e outras actuacións que melloraron a calidade sanitaria da auga de baño (Anexo III).

#### 5.5. Zonas de baño con clasificación sanitaria insuficiente

O 5,6% dos puntos de mostraxe analizados obtiveron unha clasificación sanitaria insuficiente (29 zonas de baño, das que 7 son augas continentais). No anexo IV, enuméranse estas zonas de baño. Respecto á tempada 2014, temos tres zonas de baño menos con calidade da auga insuficiente.

Segundo a lexislación vixente, as autoridades competentes aplicarán as medidas necesarias para que, **a finais do ano 2015**, todas as augas de baño sexan de calidade polo menos suficiente. Non obstante, as augas poderán clasificarse temporalmente como insuficiente e, pese a iso, estar de conformidade coa lexislación. Neste caso, a autoridade competente

velará para que se adopten medidas de xestión axeitadas, que incluírán a prohibición do baño ou a recomendación de absterse deste para evitar a exposición dos bañistas á contaminación, a determinación das causas e dos motivos polos que non se acadou unha clasificación suficiente e previr, reducir ou eliminar estas causas, ademais da comunicación á poboación desta información.

O artigo 4.4.b da Directiva 2006/7/CE indica que a avaliación da calidade das augas de baño podería efectuarse sobre a base dunha serie de datos relativos a menos de catro tempadas, se se produciron cambios que poidan afectarlle á clasificación sanitaria das augas de baño. Se se establecen medidas para mellorar a calidade da auga de baño, a clasificación sanitaria podería cambiar na seguinte tempada na que se demostre que estes cambios melloran a calidade da auga de baño.

Por todo isto, con carácter urxente, por parte das administracións competentes deben ser adoptadas as medidas necesarias para que mellore a calidade sanitaria das augas de baño con clasificación insuficiente para que, para a tempada do ano 2016, todas as zonas de baño sexan de calidade, polo menos, suficiente. En caso contrario, deberían deixar de ter a consideración de zona de baño e existir unha prohibición permanente do baño nelas.

#### **5.6. Afloramento de cianobacterias**

No ano 2012 estableceuse un protocolo de seguimento e actuacións cos organismos deunca (Augas de Galicia e Confederación Hidrográfica Miño-Sil) ante a posible aparición dun afloramento de cianobacterias nos encoros nos que hai zonas de baño censadas.


Neste momento os encoros con zonas de baño que teñen unha propensión á proliferación de cianobacterias son As Conchas e Prada, ambos os dous na provincia de Ourense, polo que a Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS) fai o seguimento. No encoro das Conchas hai dúas zonas de baño, O Corgo-A Rola do concello de Muíños e Portoquintela do concello de Bande. No encoro de Prada hai unha zona de baño incluída no censo oficial, Os Franceses e O Coiñado do concello da Veiga.

Os resultados do seguimento e das actuacións levadas a cabo durante a tempada de baño 2015 resúmense no anexo V. Unha tempada máis, a xestión do risco polo afloramento de cianobacterias nos encoros con zonas de baño foi satisfactoria debido á boa coordinación entre as administracións competentes.

### 5.7. Comparación cos resultados obtidos nas tempadas anteriores

Debido ao cambio no sistema de cálculo da clasificación sanitaria, soamente se poden comparar os resultados obtidos nesta tempada coas tempadas de baño 2011, 2012, 2013 e 2014. Esta comparación móstrase na figura 5, na que se observa unha mellora na calidade das augas de baño nesta tempada, existindo unha clara tendencia á diminución das zonas de baño con clasificación sanitaria suficiente e insuficiente, ademais dun incremento nas de clasificación sanitaria boa e excelente.

**Figura 5.** Clasificación sanitaria das zonas de baño nas tempadas 2011-2015.



### 5.8. Zonas de baño controladas que non figuran no censo oficial de zonas de baño

Cando un concello solicita a inclusión dunha nova zona de baño no censo oficial, pídeselle un informe das condicións da zona de baño á XTS correspondente e consúltase, no histórico de resultados microbiolóxicos da praia, se nalgún momento estivo incluída no Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño. Se o resultado destas actuacións é favorable, inclúese nos controis microbiolóxicos para a súa avaliación e solicítaselle un informe ao organismo de conca implicado pola súa localización. Esta opción estableceuse para 20 zonas de baño na tempada 2015 (Anexo VI).

## 6. Discusión e conclusións

A vixilancia e o control sanitario tivo lugar no 100% das zonas de baño censadas. O programa cumpríuse satisfactoriamente, e obtívose un índice de produción de mostraxes case do 100% (99,8%). Polo que respecta á comunicación aos concellos daqueles episodios de contaminación identificados, esta foi do 100% dos casos, cun total de 200 episodios comunicados.

Desde o inicio da tempada informouse da clasificación sanitaria das augas de baño e dos resultados microbiolóxicos obtidos nas mostraxes na nosa páxina web. Ao final da tempada, os valores microbiolóxicos foron introducidos no sistema de información nacional de augas de baño (Náyade), que pode consultar toda a poboación a través do acceso ao cidadán. Estes datos, xunto coa clasificación sanitaria anual de cada zona de baño, publícanse tamén na páxina web da dirección xeral. Deste xeito, facilítase que todos os usuarios e usuarias das zonas de baño teñan información suficiente, oportuna e facilmente dispoñible sobre a calidade sanitaria das augas de baño.

No 72,7% dos puntos de mostraxe controlados nas zonas de baño incluídas no censo oficial obtívose clasificación sanitaria excelente. Ao comparar os resultados desta tempada cos obtidos nas tempadas 2011 a 2014, obsérvase unha mellora na calidade sanitaria das augas de baño porque existe unha clara tendencia cara á diminución das zonas de baño con clasificación sanitaria suficiente e insuficiente, ademais dun incremento nas de clasificación boa e excelente.

Non obstante, é necesario que se establezan actuacións para mellorar a calidade da auga das zonas de baño con clasificación sanitaria insuficiente porque, segundo o indicado na lexislación vixente, a finais do ano 2015, todas as augas de baño deberán ser de calidade, polo menos, suficiente. Se por parte das administracións competentes se poñen medidas para mellorar a calidade da auga de baño destas praias, a clasificación sanitaria podería cambiar dunha tempada de baño a outra, tendo en conta o indicado no artigo 4.4.b da Directiva 2006/7/CE.

Tamén é importante que os concellos melloren a sinalización das augas de baño, especialmente nas zonas con clasificación sanitaria insuficiente.

En caso contrario, aquelas zonas de baño que manteñan unha clasificación insuficiente deberían deixar de ter a consideración de zona de baño e existir unha prohibición permanente do baño nelas.

**Anexos**

## ANEXO I. Altas no censo oficial de zonas de baño no 2015

No ano 2015, solicitáronse catro altas no censo oficial da zona de baño.

Provincia	Municipio	Código	Zona de baño - Punto de mostraxe	Tipo de auga	N (*)	Clasificación sanitaria
	Carballo	150191451	Arnados	Marítima	9	<b>Boa</b>
A Coruña	As Pontes	150700031	Praia do Lago	Continental	9	<b>Excelente</b>
	Ribeira	150733321	Castiñeiras	Marítima	8	<b>Boa</b>
Ourense	Castrelo de Miño	320220021	O Ribeiriño	Continental	8	<b>Excelente</b>

(\*)N: número de datos cos que se calculou a clasificación sanitaria

## ANEXO II. Clasificación sanitaria anual das zonas de baño. Tempada 2015 (será a vixente para a tempada 2016)

### Provincia da Coruña

Municipio	Código	Zona de baño - Punto de mostraxe	Tipo de auga	N (*)	Clasificación sanitaria
Ames	150020011	Río Tambre - Tapia	Continental	34	<b>Boa</b>
	150040721	Chanteiro	Marítima	36	<b>Excelente</b>
Ares	150040751	Ares	Marítima	14	<b>Boa(**)</b>
	150040761	Raso - Seselle	Marítima	36	<b>Excelente</b>
Arteixo	150051001	Combouzas	Marítima	36	<b>Excelente</b>
	150051292	Area Grande de Suevos	Marítima	35	<b>Excelente</b>
	150051302	Porto de Suevos	Marítima	34	<b>Excelente</b>
	150051322	Alba - Sabón	Marítima	36	<b>Excelente</b>
	150051331	A Salsa	Marítima	36	<b>Excelente</b>
	150051341	A Hucha	Marítima	36	<b>Excelente</b>
	150051351	Valcovo	Marítima	35	<b>Excelente</b>
	150051362	Ría de Barrañán	Marítima	35	<b>Insuficiente</b>
	150051364	Barrañán	Marítima	36	<b>Excelente</b>
	150051371	O Reiro	Marítima	36	<b>Excelente</b>
	Bergondo	150080951	Regueiro	Marítima	36
150080963		O Pedrido esquerda	Marítima	34	<b>Boa</b>
150080964		O Pedrido dereita	Marítima	34	<b>Suficiente</b>
150080993		Gandarío esquerda	Marítima	35	<b>Excelente</b>
150080994		Gandarío dereita	Marítima	35	<b>Boa</b>
Boiro	150111009	Retorta	Marítima	36	<b>Excelente</b>
	150113772	Barraña Santíño	Marítima	33	<b>Excelente</b>
	150113781	Peralto	Marítima	35	<b>Insuficiente</b>
	150113792	Barraña	Marítima	35	<b>Excelente</b>
	150113831	Piñeirón	Marítima	35	<b>Excelente</b>
	150113841	Ribeira Grande	Marítima	36	<b>Boa</b>
	150113859	Carragueiros	Marítima	36	<b>Excelente</b>
	150113871	Ladeira do Chazo	Marítima	35	<b>Excelente</b>
	150113891	Mañóns	Marítima	36	<b>Boa</b>
	150113921	Portomouro	Marítima	36	<b>Excelente</b>
Brión	150130011	Río Tambre - Nináns	Continental	35	<b>Insuficiente</b>
Cabanas	150150851	A Magdalena	Marítima	35	<b>Excelente</b>
	150151001	Chamoso	Marítima	35	<b>Excelente</b>

Municipio	Código	Zona de baño - Punto de mostraxe	Tipo de auga	N (*)	Clasificación sanitaria
Camarieiras	150161001	Area Longa	Marítima	36	Excelente
	150161751	Camelle	Marítima	35	Insuficiente
	150161761	Arou	Marítima	36	Excelente
	150161821	O Lago	Marítima	36	Excelente
	150161841	Area da Vila	Marítima	35	Insuficiente
	150161851	Lingunde	Marítima	33	Boa
	150161871	A Areíña Branca	Marítima	35	Excelente
	150162001	O Ariño	Marítima	36	Excelente
	150163001	Lobeiras	Marítima	36	Excelente
Carballo	150191451	Arnados	Marítima	9	Boa
	150191001	Ría de Baldaio	Marítima	36	Excelente
	150191421	Pedra do Sal	Marítima	36	Excelente
	150191432	Saíñas	Marítima	36	Excelente
	150191441	Razo	Marítima	34	Boa
Cariño	159010281	Figueiras	Marítima	35	Excelente
	159010301	Fornos	Marítima	36	Excelente
	159010322	Basteira	Marítima	35	Excelente
	159010332	A Concha	Marítima	34	Insuficiente
	159013001	Peiral	Marítima	33	Excelente
Carnota	150202161	San Pedro	Marítima	35	Boa
	150202171	Porto Quilmas	Marítima	36	Excelente
	150202199	Corna Becerra	Marítima	36	Excelente
	150202209	Area Branca	Marítima	36	Excelente
	150202211	A Insuela	Marítima	35	Excelente
	150202221	Caldebarcos	Marítima	36	Excelente
	150202231	San Mamede (Boca do Río)	Marítima	36	Excelente
	150202241	Mar de Lira	Marítima	36	Excelente
	150202251	Porto Cubelo	Marítima	36	Excelente
	150202321	Ardeleiro	Marítima	36	Excelente
	150202369	Lariño	Marítima	36	Excelente
Cedeira	150220331	Area Longa	Marítima	35	Excelente
	150220342	Magdalena	Marítima	34	Suficiente
Cee	150231001	Lires	Marítima	35	Insuficiente
	150232111	Estorde	Marítima	34	Insuficiente
	150232141	A Concha	Marítima	34	Insuficiente
	150232159	Gures	Marítima	36	Excelente

Municipio	Código	Zona de baño - Punto de mostraxe	Tipo de auga	N (*)	Clasificación sanitaria	
Corcubión	150281001	Santa Isabel	Marítima	34	Suficiente	
	150282121	Quenxe	Marítima	35	Excelente	
A Coruña	150301001	O Portiño	Marítima	34	Excelente	
	150301181	Oza - Lazareto	Marítima	35	Boa	
	150301191	San Amaro	Marítima	36	Excelente	
	150301201	As Lapas	Marítima	36	Excelente	
	150301221	Matadoiro	Marítima	35	Excelente	
	150301231	Orzán	Marítima	35	Excelente	
	150301242	Riazor	Marítima	36	Excelente	
	150342159	Ézaro	Marítima	36	Excelente	
Dumbría	150350819	Río Sandeu	Marítima	35	Boa	
	150350829	Coido	Marítima	35	Boa	
Fene	150350831	Almieiras	Marítima	34	Boa	
	150351001	Barallobre	Marítima	34	Insuficiente	
	150352001	Maniños	Marítima	34	Excelente	
	150360511	Ponzos	Marítima	36	Excelente	
	150360561	Santa Comba	Marítima	36	Excelente	
Ferrol	150360599	Cobas	Marítima	35	Excelente	
	150360609	A Fragata	Marítima	36	Excelente	
	150360611	San Xurxo	Marítima	36	Excelente	
	150360631	Doniños	Marítima	36	Excelente	
	150360661	Cariño	Marítima	36	Excelente	
	150360681	San Felipe	Marítima	36	Boa	
	150360691	A Graña	Marítima	34	Suficiente	
	150360711	A Cabana	Marítima	35	Insuficiente	
	150361004	Caranza	Marítima	36	Insuficiente	
	150362009	O Vilar	Marítima	35	Excelente	
	150363009	Esmelle	Marítima	36	Excelente	
	Fisterra	150371001	Corveiro	Marítima	35	Boa
		150372001	Ribeira	Marítima	34	Boa
150372071		Langosteira	Marítima	36	Excelente	
150372091		Sardiñeiro	Marítima	35	Insuficiente	
A Laracha	150411403	Caión esquerda	Marítima	35	Excelente	
	150411404	Caión dereita	Marítima	36	Excelente	
Laxe	150401712	Laxe centro	Marítima	36	Excelente	
	150401713	Laxe esquerda	Marítima	35	Excelente	

Municipio	Código	Zona de baño - Punto de mostraxe	Tipo de auga	N (*)	Clasificación sanitaria
Laxe	150401721	Soesto	Marítima	36	Excelente
	150401731	Arnado - Boaña - Traba	Marítima	36	Excelente
	150401741	Traba	Marítima	35	Excelente
Malpica de Bergantiños	150431511	Praia Maior	Marítima	34	Suficiente
Mañón	150440021	Vilela	Marítima	35	Excelente
	150440032	Bares	Marítima	35	Excelente
	150440041	Esteiro	Marítima	35	Excelente
Mazaricos	150450011	Río Beba - A Pontenova	Continental	35	Boa
Melide	150460012	Río Furelos	Continental	34	Suficiente
Miño	150480909	Perbes - Andahío	Marítima	34	Excelente
	150480912	Marín	Marítima	34	Boa
	150480922	Lago - Miño	Marítima	35	Boa
	150480933	Miño Grande esquerda	Marítima	35	Excelente
	150480934	Miño Grande dereita	Marítima	34	Excelente
	150480941	A Ribeira - Miño Pequena	Marítima	32	Excelente
	150480951	Alameda	Marítima	35	Suficiente
Muros	150532361	O Porto do Anoradoiro	Marítima	36	Excelente
	150532369	Lariño	Marítima	36	Excelente
	150532371	A Area Maior	Marítima	36	Excelente
	150532381	O Fogareiro	Marítima	35	Excelente
	150532392	San Francisco centro	Marítima	36	Excelente
	150532393	San Francisco esquerda	Marítima	36	Excelente
	150532409	A Vouga	Marítima	36	Excelente
	150532411	O Cabo	Marítima	35	Boa
	150532421	A Virxe do Camiño	Marítima	34	Insuficiente
	150532431	A Rocha	Marítima	35	Boa
	150532469	Ventín - O Salto	Marítima	35	Excelente
	150532479	Liñares	Marítima	35	Excelente
	150532491	Bornalle	Marítima	34	Excelente
	150532561	Seixal - Area do Medio	Marítima	36	Excelente
	150532581	Area Longa	Marítima	36	Excelente
	150532591	Reimúndez	Marítima	36	Excelente
	150532611	Somorto	Marítima	36	Excelente
	150532621	Agrocovo	Marítima	35	Excelente
	150532631	Parameán	Marítima	35	Boa
	150532641	Medrón - Ufa	Marítima	34	Boa
	150533009	O Espadanal	Marítima	36	Excelente
	150534001	O Portiño do Maio	Marítima	34	Excelente

Municipio	Código	Zona de baño - Punto de mostraxe	Tipo de auga	N (*)	Clasificación sanitaria
Muxía	150521891	O Lago	Marítima	36	Excelente
	150521921	Area Maior	Marítima	34	Boa
	150521951	Espiñeirido	Marítima	36	Excelente
	150521961	A Cruz	Marítima	34	Excelente
	150521991	Lourido	Marítima	36	Excelente
	150522021	Nemiña	Marítima	34	Boa
Neda	150550011	Río Castro - A Ponte da Cobéluda	Continental	36	Excelente
Noia	150572701	Testal - Taramancos	Marítima	35	Insuficiente
	150572731	Boa Pequena	Marítima	35	Boa
	150572741	Boa Grande	Marítima	35	Boa
Oleiros	150581071	Espiñeiro	Marítima	36	Excelente
	150581099	Mera	Marítima	36	Excelente
	150581121	Naval - Santa Cruz	Marítima	35	Excelente
	150581131	Santa Cruz Porto	Marítima	34	Insuficiente
	150581162	Bastiagueiro	Marítima	34	Excelente
	150581174	Santa Cristina dereita	Marítima	36	Excelente
	150581176	Santa Cristina desaguadoiro do río	Marítima	34	Excelente
Ortigueira	150610191	Bimbieiro	Marítima	36	Excelente
	150610211	San Antonio	Marítima	36	Excelente
	150610231	A Concha	Marítima	34	Excelente
	150610261	Morouzos	Marítima	35	Excelente
Outes	150622671	Broña	Marítima	35	Excelente
Oza dos Ríos	150630011	Río Mendo - Área Recreativa de Reboredo	Continental	34	Excelente
O Pino	150660013	Río Tambre - A Tarroeira esquerda	Continental	34	Boa
	150660014	Río Tambre - A Tarroeira dereita	Continental	36	Boa
A Pobra do Caramiñal	150671001	A Barca	Marítima	35	Excelente
	150673511	A Corna	Marítima	35	Excelente
	150673521	Illa	Marítima	36	Excelente
	150673542	Lombiña	Marítima	36	Excelente
	150673631	Areal	Marítima	33	Boa
	150673691	Raposiños	Marítima	35	Excelente
